

## **CONDICIÓN PARA O ENVÍO DE MATERIAL Á CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.**

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. ( Corporación RTVG), con domicilio social en San Marcos, s/n (Santiago de Compostela), leva a cabo distintas accións a través das súas canles de televisión, radio e/ou da súa páxina web e redes sociais que os usuarios destas poidan enviar determinados Materiais para a súa posible difusión nos referidos medios.

Para enviar material audiovisual (en diante o MATERIAL) deberanse cumprir as seguintes condicións:

1. Poderán enviar MATERIAL as persoas físicas maiores de idade.
2. O envío poderá realizarse a través do medio ou sistema indicado en cada caso: web da Corporación RTVG, correo electrónico, redes sociais ao perfil indicado pola Corporación RTVG e/ou Whatsapp.
3. O remitente facilitará á Corporación RTVG o seu nome e apelidos, indicación de onde foi tomado o material, unha dirección de contacto e calquera información relativa ao MATERIAL e/ou á súa obtención, que deberá ser absolutamente veraz.
4. O remitente autoriza a Corporación RTVG, con carácter gratuíto e sen limitación temporal nin territorial ningunha, a inclusión do MATERIAL en calquera dos programas ou campañas promocionais que se emiten nas súas canles e autoriza a súa reprodución, distribución, transformación e comunicación pública en todo tipo de soportes e mediante a utilización de calquera procedemento de reprodución técnica ou sistema de explotación, incluíndose expresamente a súa explotación televisiva, en soporte vídeo, a súa difusión en Internet e desenvolvemento interactivo. Así mesmo, a Corporación RTVG poderá utilizar o MATERIAL para a promoción dalgún dos seus programas ou canles. Estes dereitos son cedidos para todos os países do mundo, polo tempo máximo nel establecido e sen límite de usos.
5. Conforme co anterior, o MATERIAL seleccionado pola Corporación RTVG poderá difundirse polas súas canles, a través das páxinas web e/ou en perfís das redes sociais da Corporación RTVG xunto co alias do remitente ou co seu nome e apelidos, sendo accesibles desde a devandita páxina por terceiros.
6. Así mesmo, naqueles casos nos que se solicite MATERIAL para a un programa de televisión, o MATERIAL seleccionado será incluído no programa indicado, que será difundido pola Corporación RTVG a través das súas diferentes canles e páxina web, todo iso sen prexuízo da facultade da Corporación RTVG de levar a cabo outros usos do MATERIAL segundo o previsto nos parágrafos anteriores e de que os dereitos cedidos sexan os aquí establecidos.

Mediante o envío do MATERIAL, o remitente garante os seguintes extremos:

- Que o MATERIAL é orixinal e a súa obtención foi realizada directamente polo remitente, que por ser o autor do material ostenta todos os dereitos sobre el e que está capacitado para cedelo á Corporación RTVG nas condicións detalladas neste documento.
- Que o MATERIAL cumpre co establecido na lexislación de comunicación audiovisual, así como coa normativa reguladora do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e a protección de menores. responsabilizándose perante a **CORPORACIÓN RTVG**, e directamente ante terceiros, de calquera reclamación ou indemnización que se puidese realizar en base ao anteriormente establecido.
- Que o MATERIAL non infrinxe dereitos de propiedade intelectual, propiedade industrial, obrigacións de confidencialidade ou calquera outro dereito exclusivo que pertenza a terceiros.
- Que o MATERIAL non é contrario á lei, á orde pública, nin supón de ningún xeito unha discriminación por motivos de raza, sexo, relixión, nacionalidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- O MATERIAL respecta os criterios reitores da dirección editorial da Corporación RTVG, S.A. aprobados polo Consello de Administración (<http://www.crtvg.es/files/CRITERIOSREITORES.pdf>)
- Que, no caso de aparecer no MATERIAL outras persoas distintas do propio remitente, estas son maiores de idade, e o remitente conta coas autorizacións destas persoas para autorizar o uso do MATERIAL conforme ao establecido nas presentes condicións, garantindo á Corporación RTVG o uso pacífico do MATERIAL.

7. A Corporación RTVG resérvase o dereito a non difundir o MATERIAL, será a Corporación RTVG exclusivamente a que decida que material se emite.

O remitente responsabilízase perante a **CORPORACIÓN RTVG**, e directamente ante terceiros, de calquera reclamación ou indemnización que se puidese realizar polo incumprimento dos requisitos esixidos.

Coa remisión do MATERIAL, o remitente acepta estas condicións (que poderán ser consultadas en todo momento na páxina web [www.crtvg.gal](http://www.crtvg.gal)) e o criterio da Corporación RTVG. A Corporación RTVG resérvase o dereito a modificar en calquera momento e dentro dos límites establecidos legalmente estas condicións ou decidir a súa anulación, comprometéndose a comunicar as novas condicións ou anulación definitiva, no seu caso.

## Protección de datos

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) informa que, con base no Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección de persoas físicas respecto ao tratamento de datos de carácter persoal e á libre circulación deses datos (RGPD), e a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal que nos facilita realízase coa finalidade de xestionar o material recibido para a súa emisión nos diferentes medios. Informámolo de que ditos datos non serán cedidos a terceiros sen o seu expreso consentimento salvo obriga legal ou base xurídica que o lexitime, e serán conservados unicamente polo tempo que legalmente corresponda. Poderá exercer os seus dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Oposición, Limitación e Portabilidade por correo postal á dirección propia da Corporación RTVG indicada no encabezado do contrato, ou mediante correo electrónico na dirección [lopd@crtvg.es](mailto:lopd@crtvg.es), en ambos casos xuntando copia do DNI. Tamén poderá presentar unha reclamación ante unha autoridade de control.